

XOGUETES



Colexio de Educación Infantil e Primaria Sada e contornos

O xoguete é un instrumento de algo tan fundamental no desenvolvemento dunha persoa como é o xogo. Nesta recopilación podemos ver como con sinxelos materiais, moitos deles de refugallo, se poden facer fermosos xoguetes, tendo o valor engadido de que están feitos por nós mesmos.

O xoguete estase a converter nun obxecto de consumo, nun fin en si mesmo e non nun instrumento como debería ser. Xoguetes demasiado complexos que non estimulan a creatividade nin o maxín.

Este novo traballo editado foi realizado coa colaboración da Comunidade Educativa do C.E.I.P. Sada e contornos.

Sada, maio de 2003.

Equipo de normalización lingüística.

ESCOPETA DE PINZAS

Xoguete recollido por Nerea Vales (4º curso E. Primaria). Informouna e axudoulle seu pai Manuel vales.

Zona de recollida: Sada

Materiais: unha táboa, pinzas, gomas, arames das pinzas, cravos.

Este xoguete simula unha escopeta. Os proxectís que lanza están feitos con arames das pinzas unidos a unha goma elástica que lle da o impulso.



PISTOLA DE PINZAS

Xoguete recollido por Jorge Cabido (6º curso E. Primaria). Informouno e axudoulle seu pai Ángel Cabido.

Zona de recollida: Ourense.

Materiais: unha pinza.

Xoguete construído cunha pinza que coa forza do seu arame lanza pequenos obxectos.



BONECOS DE TRAPO

Xoguetes recollidos por Noelia Sánchez (5º curso E. Primaria), Zeltia Fernández (6º curso E. Primaria), Paula López (6º curso E. Primaria) e Ánxela Méndez (6º curso E. Primaria).

Materiais: calcetíns, trapos,...

Bonecos recollidos en diversos lugares, feitos con materiais de refugallo pero que teñen máis encanto que a mellor das bonecas con pilas.



CARTÓNS, CROMOS, ...

Xoguetes recollidos por: Elena Cabido (5º curso E. Primaria), Sara Pérez (6º curso E. Primaria) e Daniel Abeledo (6º curso E. Primaria).

Materiais: papeis con ilustracións, cartóns, caixas de mistos, ...

Cortando de xeito regular pequenas pezas de cartón permítían o seu uso en diversos xogos: facer construcións en equilibrio, intentar viralos batendo coa palma da man, facer un dominó, coleccións diversas, ...



ASUBÍO

Xoguete recollido por Jessica Damil. Informouna e axudoulle seu pai Miguel Damil.

Zona de recollida: O Carballo.

Materiais: unha abelá.

Coa casca dunha abelá faise este pequeno asubío. Coa axuda dunha navalla ou ben rozando contra unha pedra conséguese facer un oco na abelá. Cando insuflamos aire con forza polo oco facemos que asubíe.



TELÉFONO

Xoguete recollido por Lara Ochoa (4º curso E. Primaria).

Informárona seus pais.

Zona de recollida: Sada

Materiais: dous vasos plásticos e un fío grosso.

Ponse un dos vasos na orella e polo outro fálannos tendo o fío tensado. Deste xeito 'é un sinxelo teléfono.



XOGUETES FEITOS CON CARTÓN

Xoguetes recollidos por Víctor Blanco (4º curso E. Primaria), Marilene Cid (4º curso E. Primaria), Rubén Cortés (4º curso E. Primaria) e Clara Cea (5º curso E. Primaria).

Materiais: Cartóns e papeis de refugallo.

Estes xoguetes realizados con cartón e papeis de refugallo estimulan o maxín e fomentan a reutilización de materiais que normalmente van ó lixo.



TIRACHINAS

Xoguetes recollidos por Adrián Lestón (6º curso E. Primaria) e Lorena Ramos (6º curso E. Primaria). Informáronos un tío e primos de Adrián e o pai de Lorena.

Zonas de recollida: Muros e Arzúa.

Materiais: Un pao e goma elástica.

Hai que escoller un pao cunha galla. Nos extremos da galla átase a goma que ó tensala permite lanzar pedriñas.



ARCOS

Xoguetes recollidos por Daniel Abeledo (6º curso E. Primaria), Daniel Fernández (6º curso E. Primaria) e Zeltia Fernández (6º curso E. Primaria).

Materiais: paos e cordón.

O pao que vai a facer o arco debe ser de madeira que curve ben: carballo, vara de castaño, ... Ós extremos do pao atamos o cordón tensando ben e xa temos feito o arco que nos permitirá lanzar frechas.



CHAPAS

Xoguete recollido por Daniel Abeledo (6º curso E. Primaria).
Informouno seu pai Pedro Abeledo.

Zona de recollida: Arzúa.

Materiais: chapas de bebidas embotelladas: refrescos, cervexa,...

Coas chapas pódense xogar a varios xogos: seguir itinerarios
marcados no chan, disputar partidos de fútbol nos que os xogadores
son chapas de ditinta cor,...



ESTOQUE

Xoguete recollido por Sara Pérez (6º curso E. Primaria). Informouna e axudoulle seu pai Julio Pérez.

Zona de recollida: Ouces (Sada)

Materiais: un pao de bieiteiro e outro doutra madeira.

O pao de bieiteiro (tamén coñecido como sabugueiro) ten unha medula branca que deberemos quitar para facelo seu interior oco. O outro pao vaise pulindo coa axuda dunha navalla ata que encaixe xusto polo oco do anterior. A "munición" consiste en sementes de abrótega, follas esmagadas facendo boliñas ou anacos de papel enrolados. Introducimos unha das bolas por un extremo do pao de bieiteiro e outra polo extremo contrario. Empurramos unha delas co outro pao e a presión do aire que hai no interior fai que a outra bola saia disparada facendo un pequeno estalido.



MUÍÑO DE VENTO

Xoguete recollido por Daniel Abeledo (6º curso E. Primaria).
Informouno seu pai Pedro Abeledo.

Zona de recollida: Arzúa.

Materiais: pao ou palliña de refresco, papel e alfinete.

Cortamos o papel con forma cadrada e dámoslle uns cortes polas diagonais. Pregamos unha esquina si e outra non. Unimos as esquinas pregadas cun alfinete ó pao. Sopramos e conseguimos facer xirar este muíño de vento.



CERVATANA

Xoguetes recollidos por Paula López (6º curso E. Primaria)

Materiais: un pao de canaveira, casco dun bolígrafo, ...

Cun tubo fino ou un anaco dunha canaveira podemos facer unha cervatana. Introducindo nela anaqüiños de papel, graos de millo, e soprando con forza por un dos extremos, conseguimos disparalos.



CARRO DE BOIS

Xoguete recollido por Estefanía Escuredo (6º curso E. Primaria).
Informouna e axudoulle seu avó Francisco.

Zona de recollida: Moeche.

Materiais: dous nabos e paos.

Hai que escoller dúas cacholas de nabos ben feitas. Unha delas córtase cun coitelo ó longo para facer o chedeiro do carro. A outra cachola córtase ó través para facer as rodas que se colocan coa axuda dun pao que fai de eixe. Outro pao será a cabezalla, que era a peza onde se amarraban os bois. Por último colocamos arredor do chedeiro uns garabullos facendo os fungueiros.



RONCHA

Xoguete recollido por José A. Varela (4º curso E. Primaria). Foi construído por seu (avó? Tío)? Pepe Miranda

Zona de recollida: Soñeiro (Sada)

Materiais: unha noz grande, unha punta, un anaco dunha goma ou sola de zapato e un cordón.

Este curioso xoguete lémbra-nos á peonza. Á noz valeira, atravesada por unha punta, envólveselle o cordón e ó tirar del conseguimos facela xirar.



BILLARDA

Xoguete recollido por Mónica Don (4º curso E. Primaria). Foi construído por seu avó José López.

Zona de recollida: Soñeiro (Sada).

Materiais: dous paos.

A billarda é un xogo ancestral espallado por toda Galicia. Dous paos, un deles apuntado nos seus extremos eran os materiais precisos para este xogo. Golpeando nun extremo do pao apuntado facíase que voara, para golpealo de novo no aire e lanzalo o máis lonxe posible.



ÍNDICE

Escopeta de pinzas.....	2
Pistola de pinzas.....	2
Bonecos de trapo.....	3
Cartóns, cromos,...	4
Asubío	5
Teléfono	5
Xoguetes feitos con cartón.....	6
Tirachinas.....	7
Arcos	8
Chapas	9
Estoque	10
Muíño de vento.....	11
Cervatana.....	12
Carro de bois.....	13
Roncha	14
Billarda.....	15



Colexio de Educación Infantil e Primaria Sada e contornos
Equipo de Normalización Lingüística
Curso 2002-03

C.E.I.P. Sada e contornos. Avda. Sada e contornos s/n. 15160 Sada. A Coruña.
Tífono e fax. 981 620 337. Correo elect. ceip.sada@edu.xunta.es